

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asiste e presenta escusa don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de agosto de 2020 e da sesión extraordinaria e urxente do día 20 de agosto de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

A continuación, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 20 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 15 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 164, do 15 de agosto de 2020).

- Orde do 11 de agosto de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se modifica a Orde do 17 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento TR353A), a consecuencia da situación e da evolución da epidemia COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 165, do 17 de agosto de 2020).

- Resolución do 4 de agosto de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se acorda a reapertura dos servizos e centros de atención á infancia. (Diario Oficial de Galicia número 165, do 17 de agosto de 2020).

- Orde do 19 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. (Diario Oficial de Galicia número 167-Bis, do 19 de agosto de 2020).

- Resolución do 19 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Saúde Pública, Consellería de Sanidade, na que se determinan os territorios para os efectos da aplicación da obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. (Diario Oficial de Galicia número 167-Bis, do 19 de agosto de 2020).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Educación, Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, respecto da convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades lcoais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2020, na que se publica a desistencia do Concello de Cambre á subvención solicitada para o Rock in Cambre 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 134, do 20 de agosto de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 20 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1151/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1195/2020, segundo se relacionan a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1151/2020	13-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pega, Cambre. Propiedade: M.A.M.M. e S.M.M.
1152/2020	13-08-2020	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas por estado de parcela sita en Apeadelro, Cecebre. Propiedade: I.C.G.
1153/2020	13-08-2020	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: M.F.T.G.
1154/2020	13-08-2020	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas por estado da parcela sita nos Campóns, Sigrás. Propiedade: D.L.M.M.
1155/2020	13-08-2020	Solicitud de acondicionamento de camiños e fincas polo estado de parcelas sitas no Vilar, Sigrás. Propiedade: A.P.V.
1156/2020	13-08-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de agosto de 2020



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1157/2020	13-08-2020	Resolución cobro 3ª quenda (do 10 ao 21 agosto) dos campamentos verán 2020
1158/2020	13-08-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 15.291,78 euros
1159/2020	13-08-2020	Coordinación de seguridade e saúde da obra paso de lontras baixo a estrada AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre
1160/2020	13-08-2020	Licenza de construción para edificio de vivendas na rúa Tapia (O Temple), promovido por Tapia, C.B.
1161/2020	13-08-2020	Aprobación de gastos e facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 33.447,03 €
1162/2020	13-08-2020	Corrección de erros de licenza para segregrar da parcela de 1.536 m ² sita en Gosende-Andeiro, unha parcela de 171,55 m ² para posteriormente cedela ao Concello
1163/2020	13-08-2020	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do terceiro trimestre de 2020.
1164/2020	13-08-2020	Licenza de primeira ocupación de vivenda sita na rúa Pígara. Propiedade: J.L.F.G.
1165/2020	14-08-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de agosto de 2020
1166/2020	14-08-2020	Autorización transmisión, mortis causa, do dereito de uso privativo das urnas perimetrais sinaladas co número 17, letras A, B, C e D, no cemiterio municipal de Cambre.
1167/2020	14-08-2020	Autorización apertura urna perimetral número 105, letra A, co fin de inhumar o cadáver de dona V.S.A. falecida o 3 de xullo de 2020
1168/2020	14-08-2020	99500000020421 Acordos de inicio multas Policía Local
1169/2020	14-08-2020	Concesión administrativa e apertura da urna perimetral sinalada co número 170 letra D á dona M. M.S.
1170/2020	14-08-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Patiña, Cambre. Propiedade: P.G.P.
1171/2020	14-08-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xullo de 2020 e o seu pagamento.
1172/2020	14-08-2020	Ausencia de dona María del Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, dende o día 24 ao 31 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos
1173/2020	14-08-2020	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez os días 18, 19, 28 e 31 de agosto e 1 de setembro de 2020
1174/2020	18-08-2020	Limpeza da canle do regato de San Pedro ao seu paso polo Temple
1175/2020	18-08-2020	Resolución expediente sancionador. Clave: DH.D15.66165. Construción de beirarrúas e rede de sumidoiros de augas pluviais sobre a canle e nas zonas de servidume e policía do río San Pedro
1176/2020	18-08-2020	Expediente de xeración de crédito número 3/2020. POS+ ADIC. 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.
1177/2020	18-08-2020	Subministración de ferramentas electromecánicas para a conservación e mantemento de pavillóns polideportivos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1178/2020	18-08-2020	Augas de Galicia – Incoación de expediente sancionador por obras en zona río Brexa en San Paio
1179/2020	18-08-2020	Revisión e limpeza canlóns CEIPS e centro de saúde de Cambre
1180/2020	19-08-2020	Licenza de primeira ocupación de edificio sito en Graudil – Cambre, promovido por Roncesvalles Hogar, S.L.
1181/2020	19-08-2020	Establecemento dun punto de información catastral no Concello de Cambre
1182/2020	19-08-2020	Aprobación de certificación correspondente á obra “Reordenación ámbito urbano fase II (estrada AC -214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés y Pablo Manzano)”, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 14.172,65 euros, así como o seu pagamento
1183/2020	19-08-2020	Aprobación de certificación da obra “Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, período vacacional verán 2019”, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas emitidas, con reparos por importe total de 1.646,81 euros
1184/2020	19-08-2020	Resolución nomeamento persoal eventual
1185/2020	19-08-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de agosto de 2020
1186/2020	19-08-2020	Concesión axuda alimentación básica e hixiene persoal por importe de 600 euros anuais durante 18 meses a N.C.C., condicionada ao cumprimento do proxecto
1187/2020	19-08-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.E.P.F. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1188/2020	19-08-2020	Denegación axuda lentes correctoras e recibo de aluguer a M.P.Y.L. por existir familiares con obrigas
1189/2020	19-08-2020	Celebración voda civil de M.G.T. e G.R.F. o 24 de agosto ás 11 horas.
1190/2020	19-08-2020	Celebración voda civil de A.L.O.R. e A.M.S. o 22 de agosto de 2020 ás 13 horas.
1191/2020	19-08-2020	Subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2019
1192/2020	19-08-2020	Expediente de xeración de crédito número 4/2020. Convenio de mantemento e conservación do entorno do río Mero.
1193/2020	19-08-2020	Licencia de reforma interior do baixo sito na rúa Luis Pimentel - O Temple para cambiar o uso de local comercial a vivenda
1194/2020	19-08-2020	Resolución nomeamento auxiliar administrativo interino execución de programas de carácter temporal
1195/2020	20-08-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 5/2020. Investimentos Policía local.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de prórroga da obra "Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal



(Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente núm. 2018/C003/000006

- Adxudicación do servizo de "Actualización da cartografía do municipio de Cambre", á prol do licitador "TCA Cartografía y Geomática, S.A.", no prezo total ofertado de 37.492,70 euros IVE incluído (30.985,70 euros sen IVE). Expediente núm. 2019/C004/000010

- Adxudicación do "Servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre", a prol do licitador "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Gallega", no prezo ofertado de 15.150,27 euros sen IVE (18.331,83 IVE incluído). Expediente núm. 2020/C004/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de prórroga da obra "Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente núm. 2018/C003/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 21 de novembro de 2019 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra "Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial.

Con data 17 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de tres meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 20 de decembro de 2019.

Visto a acta de paralización da obra a causa do mal tempo, que foi asinada o día 26/12/2019 e posterior reanudación da obra, segundo acta asinada o día 02/03/2020

Visto a acta de paralización da obra debido ao comezo do estado de alarma causado pola pandemia do COVID19, que foi asinada o día 16/03/2020 e posterior reanudación da obra, segundo acta asinada o día 22/06/2020

Vista a solicitude de prórroga, presentada pola empresa adxudicataria *Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.*, co número de rexistro 202099900002195 e data do 06 de agosto 2020 na que expón que a declaración do estado de alarma en todo o país motivado polo COVID19, ha afectado a planificación prevista dos traballos proxectados, condicionando a organización e execución dos mesmos, solicitando a ampliación de execución da obra por 1,5 meses (45 días naturais), ata o 15 de outubro de 2020

Tendo en conta o disposto na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao atraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se

este se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinale o órgano de contratación.

Visto, o informe favorable emitido polo enxeñeiro de Camiños municipal - xefe da sección de Servizos, con data do 11 de agosto de 2020, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se conceda prórroga dun mes e medio, ata o 15 de outubro de 2020.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Acordar a prórroga dun mes e medio, ata o 15 de outubro de 2020., na execución da obra "Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraís (Cecebre)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente 2018/C003/0000006.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación do servizo de "Actualización da cartografía do municipio de Cambre", á prol do licitador "TCA Cartografía y Geomática, S.A.", no prezo total ofertado de 37.492,70 euros IVE incluído (30.985,70 euros sen IVE). Expediente núm. 2019/C004/000010

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado na plataforma TDeC ao número 2019/C004/000010, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de "Actualización da cartografía do Municipio de Cambre", cun valor estimado de 41.314,26 euros e un orzamento base de licitación de 49.990,25 euros, IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta no informe emitido polo arquitecto municipal con data de 13 de xullo de 2020, ratificada pola mesa de contratación na mesma data, así como a proposta de adxudicación formulada a prol licitador "TCA Cartografía y Geomática, S.A.", no prezo total ofertado de 37.492,70 euros IVE incluído (30.985,70 euros sen IVE), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, en aplicación do acordado pola mesa de contratación, con data de 15 de xullo se lle requiriu ao licitador proposto para que, no prazo de 7 días hábiles presentase a través da Plataforma de Contratación do Estado a documentación relativa á súa solvencia técnica e acreditación de medios materiais e persoais, así como a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social máis o xustificante de ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.549,28 euros; isto, tendo en conta os

datos que xa figuran no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público no que está inscrito, e co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 15.

Visto que con data de 24 de xullo, dentro do prazo establecido ao efecto, o licitador achegou a documentación requirida.

Visto o informe emitido con data de 11 de agosto de 2020 polo arquitecto municipal, don José Ramón Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que *“aporta a xustificación da acreditación e idoneidade da solvencia técnica, así como a relación dos medios persoais e materiais que se adscriben ao servizo, comprobándose que tales medios se corresponden cos requiridos segundo o citado PPT, como que se acredita suficientemente a súa solvencia técnica de acordo co PCAP”*.

Visto que o licitador proposto tamén aporta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como o resguardo de depósito definitivo por importe de 1.549,28 euros expedido pola tesoureira municipal con data de 22 de xullo de 2020.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 21 de agosto actual.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor municipal con data de 23 de agosto actual.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 5 de marzo de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 9 e 10 do PCAP e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Beritec Geomatic, S.L
- Fotogrametría e Catastro, S.L.
- Sitco Consulting, S.L.
- Services Research & Mapping Consulting, S.L.
- TCA Cartografía e Geomática S.A.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 5 de marzo de 2020, rexeitar a oferta presentada por don Alberto Díaz, en nome da entidade “ DotGis Corporación, S.L.”, mediante correo electrónico remitido á dirección contratacion@cambre.org con data 20/02/20 ás 23:54 horas, no cal fai constar que tentou sen éxito asinar electrónicamente a súa oferta a través do aplicativo da Plataforma de Contratación, polo que remite a documentación vía mail, sabendo que *“non é o regulamentario”, “para que conste polo menos a nosa intención de concorrer”*, iso por non cumprir co disposto na Cláusula 9 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, segundo o cal: *“A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberán presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da Plataforma de contratación do sector público, [https:// contrataciondelestado.es](https://contrataciondelestado.es), e conforme aos requisitos técnicos establecidos na citada plataforma.”*

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, excluír do procedemento de licitación a proposición presentada pola entidade “Fotogrametría e Catastro, S.L.”, en cumprimento do establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares e artigo

139.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, tendo en conta que a empresa incluíu no sobre “B” de “Documentación administrativa e Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor” información que debería figurar no sobre “C” de “Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática”, en concreto, o aumento do ámbito xeográfico da cartografía a escala 1/1000 e a redución do prazo de execución total dos traballos, datos estes últimos que deben figurar incluídos no Modelo de Proposición, Anexo III do PCAP.

Por iso, resulta de aplicación o establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude da cal: *“Na valoración das ofertas técnicas e económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes:*

(...)

5. *Incluír no sobre “ B” e/ou “C” datos que deban figurar no outro sobre cando iso supoña anticipar o coñecemento de datos que haxan de valorarse na seguinte fase, ou impida a completa valoración da oferta técnica no momento de apertura do sobre C.”*

Iso en relación co establecido na cláusula 10.1 PCAP (*“A inclusión dentro do arquivo ou sobre electrónico B da oferta económica, ou de calquera outro documento que permita deducir ou coñecer o contido da documentación que debe incluírse no arquivo ou sobre electrónico C, dará lugar á automática exclusión do procedemento de adxudicación do licitador incurso en tal circunstancia”*), e co Anexo III do mesmo PCAP, en función do cal deben incluírse na Proposición do sobre C, Anexo III, os seguintes datos:

- Prezo
- Incremento na actualización cartográfica
- Redución do prazo de execución

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, excluír do procedemento de licitación a proposición presentada pola entidade “Beritec Geomatic S.L.”, en cumprimento do establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 139.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, tendo en conta que na oferta técnica desta empresa non se propoñen os traballos solicitados no Prego de Prescricións Técnicas, cláusula 2 do mesmo, xa que a proposta técnica da empresa refírese á actualización da cartografía 1/5000 e o seu baleirado nas zonas onde se producirá a cartografía a escalas 1/1000 e 1/2000, é dicir, non se propoñen os traballos esixidos no PPT consistentes na realización dunha cartografía da totalidade do termo municipal a escala 1/2000, integrando os chans urbanos a escala 1/1000, o cal supón un incumprimento manifesto das condicións do Prego de prescricións técnicas.

Por iso, resulta de aplicación o establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude da cal :

“Na valoración das ofertas técnicas e económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes:

(...)

8. *Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do prego de cláusulas administrativas ou do de prescricións técnicas, ou do proxecto ou memoria técnica de execución, así como o incumprimento da normativa aplicable á execución do contrato”.*

Iso en relación co establecido no art. 139.1 LCSP, en virtude do cal *“As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexe a licitación, e a súa presentación supón a aceptación*

incondicionada polo empresario da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha...”

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, excluír do procedemento de licitación a proposición presentada pola entidade “ Sitco Consulting S.L.”, en cumprimento do establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 139.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, tendo en conta que na oferta técnica desta empresa non se propoñen os traballos solicitados no Prego de Prescricións Técnicas, cláusula 2 do mesmo, xa que a proposta técnica da empresa refírese a tres series cartográficas, con escalas 1/1000, 1/2000 e 1/5000, é dicir, non se propoñen os traballos esixidos no PPT consistentes na realización dunha cartografía da totalidade do termo municipal a escala 1/2000, integrando os chans urbanos a escala 1/1000, o cal supón un incumprimento manifesto das condicións do Prego de prescricións técnicas.

Por iso, resulta de aplicación o establecido na cláusula 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en virtude da cal: *“Na valoración das ofertas técnicas e económicas dos licitadores procederase, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes:*

(...)

8. Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do prego de cláusulas administrativas ou do de prescricións técnicas, ou do proxecto ou memoria técnica de execución, así como o incumprimento da normativa aplicable á execución do contrato”.

Iso en relación co establecido no art. 139.1 LCSP, en virtude do cal *“As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexe a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen condición ou reserva algunha...”.*

Sexto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, ratificar as puntuacións que constan no informe emitido polo arquitecto municipal con data de 29 de xuño de 2020, respecto dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos que se refire a cláusula 13.2. apartado A) – Fase 1 - do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

EMPRESAS	TOTAL
SERVICES RESEARCH & MAPPING CONSULTING S.L.	13,25
TCA CARTOGRAFÍA E GEOMÁTICA S.L.	21,00

Sétimo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, ratificar as puntuacións que constan no informe emitido polo arquitecto municipal con data de data 29 de xuño de 2020, respecto dos criterios avaliábeis de forma automática aos que se refire a cláusula 13.2. apartado B) – Fase 2 - do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

EMPRESA	Oferta sen IVE	Oferta con IVE	Puntuación
SERVICES RESEARCH & MAPPING CONSULTING S.L.	28.500,00	34.485,00	75
TCA CARTOGRAFÍA E GEOMÁTICA S.L.	30.985,70	37.492,70	74

Oitavo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, ratificar a puntuación global obtida por cada un dos licitadores admitidos, por orde decrecente de puntuación:

EMPRESA	Fase 1	Fase 2	Puntuación
TCA CARTOGRAFÍA E GEOMÁTICA S.L.	21	74	95
SERVICES RESEARCH & MAPPING CONSULTING S.L.	13,25	75	88,25

Noveno: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de xullo de 2020, propoñer a adxudicación do “Servizo de actualización da cartografía do municipio de Cambre” (exp. 2019/C004/000010) a favor da entidade “TCA Cartografía e Geomática, S.A.”, no prezo total ofertado de 37.492,70 euros IVE incluído (30.985,70 euros sen IVE), cun incremento do territorio municipal cuxa actualización cartográfica realízase a escala 1/1000 a partir do xa definido actualmente como chan urbano en 10 km², e unha redución do prazo de execución nas fases 1 e 2 de 1 mes e nas fases 3 e 4 de 1 mes respecto a os prazos establecidos no PPT e PCAP, iso tendo en conta ademais a proposta técnica realizada pola empresa en canto a metodoloxía, control de calidade, modelo conceptual de datos e medios técnicos, e por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Décimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 26.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Décimo primeiro: De conformidade coa cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co artigo 62 da LCSP, désígnase como responsable do contrato ao arquitecto municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Décimo segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo terceiro: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Adxudicación do "Servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre", a prol do licitador "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Gallega", no prezo ofertado de 15.150,27 euros sen IVE (18.331,83 IVE incluído). Expediente núm. 2020/C004/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000009 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do "Servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre", cun orzamento base de licitación de 22.611,95 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na acta da mesa de contratación de data 9 de xullo de 2020 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada a prol do licitador "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega", no prezo ofertado de 15.150,27 euros sen IVE, 18.331,83 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles para que presente a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva do informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal con data do 12 de agosto de 2020.

Visto que consta no expediente certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia expedido o 13/07/2020, con efectos de validez do 27/05/2020, dos que resulta o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social na data de presentación da oferta, dando así cumprimento ao establecido no último parágrafo da cláusula administrativa 13 como ao establecido no último parágrafo da cláusula 17.1.9.

Visto que tamén consta no expediente informe da Tesourería Municipal de data 14/08/2020, acreditativo de que a empresa non ten obrigas pendentes de pagamento co Concello de Cambre.

Visto informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 19 de agosto actual.

Visto o informe de fiscalización emitido polo interventor municipal con data de 22 de agosto actual.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 4 de xuño de 2020 declarar válida a licitación, admitindo nela ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 13 e 14.1 do PCAP e ter aprobado debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega
- Applus Norcontrol, S.L.U.
- Galaicontrol, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo co informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal con data de 12 de xuño de 2020 que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 9 de xullo de 2020, a puntuación correspondente aos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares: "*Fase 1 (criterios evaluables mediante juicio de valor): Propuesta técnica descriptiva: Hasta 25 puntos*":

EMPRESAS	Puntuación 1ª Fase
APPLUS NORCONTROL SLU	13,15
GALAICONTROL SL	11,7
3C CALIDAD Y CONTROL SCG	25

Terceiro: Á vista da puntuación obtida na primeira fase polas tres empresas licitadoras e tendo en conta que a cláusula 12.A do PCAP establece que "*Aqueles licitadores que non superen a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na Fase 1 na suma da puntuación correspondente aos apartados expostos non continuarán no proceso de adxudicación, quedando excluídos da segunda Fase do Procedemento de valoración*", e tendo en conta que a empresa "Galaicontrol, S.L." non acadou os 12,5 puntos mínimos para pasar á segunda fase (criterios avaliáveis de forma automática)", **acórdase excluír á empresa Galaicontrol SL da segunda Fase de valoración**, polo cal non se procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico C (proposición económica) presentado por esta entidade.

Cuarto: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 9 de xullo de 2020, a puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12.B do prego de cláusulas administrativas particulares: "*Fase 2 (criterios avaliáveis de forma automática) Oferta económica. Hasta 75 puntos*":

EMPRESA	Oferta sin IVE	Oferta con IVE	Puntuación 2ª fase
APPLUS NORCONTROL SLU	15.150,27 €	18.331,83 €	75
3C CALIDAD Y CONTROL SCG	15.150,27 €	18.331,83 €	75

Tendo en conta o disposto na Cláusula 16.3.2. do PCAP "Número de Ofertas: 2", segundo a cal "Unha das ofertas resulta con valores anormalmente baixos se é inferior a outra en máis dun 13,33%" e á vista da valoración efectuada, resulta que ningún dos licitadores está incurso en oferta anormalmente baixa.

Quinto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 9 de xullo de 2020, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha das ofertas presentadas resulte anormalmente baixa:

EMPRESA	Oferta sin IVE	Oferta con IVE	Puntuación 1ª fase	Puntuación 2ª fase	TOTAL
3C CALIDAD Y CONTROL SCG	15.150,27 €	18.331,83 €	25	75	100
APPLUS NORCONTROL SLU	15.150,27 €	18.331,83 €	13,15	75	88,15
GALAICONTROL SL	-	-	11,7	-	-

Sexto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 9 de xullo de 2020, adxudicar o "Servicio de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre" (exp. 2020/C004/000009) en favor da entidade "3C Calidad y Control, Sociedad Cooperativa Galega", con NIF F703***** e enderezo no Polígono de Pocomaco G-12/2 -15190 A Coruña, no prezo total ofertado de 18.331,83 euros IVE incluído (15.150,27 euros sen IVE), que supoñen a aplicación dunha porcentaxe de 2,27 % sobre o orzamento sen IVE dos proxectos de obra obxecto do servizo, isto tendo en conta a metodoloxía de traballo e programa de ensaios adaptado ás obras presentados por dito licitador, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen estar incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Oitavo: De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designase como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, isto sen prexuízo da supervisión que realice o técnico municipal competente designado polo Concello de Cambre como responsable do contrato e director de obra para cada unha das obras para as que se preste servizo de asistencia técnica para o control de calidade.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán



recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo: Notifíquese ás empresas adjudicatarias de cada unha das obras obxecto do servizo, así como aos responsables dos contratos-directores de obra de cada unha de ditas obras, que constan na cláusula 5 e Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares.

Décimo primeiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, responsable do contrato, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López